

### Que é o logotipo 100% Raza Autóctona?

Un selo oficial identificador dos produtos procedentes de animais de razas autóctonas. Trátase dunha iniciativa das asociacións de criadores de razas autóctonas e do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente (Magrama), que se enmarca no Programa Nacional de Conservación, Mellora e Fomento das Razas Gandeiras.

### Cales son as condicións de uso?

Existe unha normativa nacional que o rexe, o Real Decreto 505/2013, do 28 de xuño, polo que se regula o seu emprego voluntario nos produtos de orixe animal.

### Como xorde o logotipo 100% Raza Autóctona Caldelá?

Nace impulsado pola Asociación de Criadores da Raza Caldelá (Caldega), co aval da Xunta de Galicia e do Magrama, para ofrecerlles aos consumidores as garantías de pureza de raza dos produtos obtidos dos exemplares de raza Caldelá.

### Quen pode empregalo?

Poden acollerse ao logotipo 100% Raza Autóctona Caldelá as ganderías onde se crían as caldelás en pureza e mais as empresas e os restaurantes onde se transforman e se comercializan os seus produtos.

# Únete a nós! Busca o noso logo!



CALDELÁ



Infórmate en  
[www.boaga.es](http://www.boaga.es)

### Asociación de Criadores da Raza Caldelá - Caldega

Pazo de Fontefiz s/n  
32152 Coles (Ourense)  
Tel. 988 205 486  
Fax 988 205 489  
[caldela@boaga.es](mailto:caldela@boaga.es)

## Somos 100% Raza Autóctona



## **100% noso**

Porque a raza e os seus produtos estiveron con nós dende sempre, formando parte do noso territorio e da nosa historia.

## **100% garantía de orixe**

Porque informamos os consumidores da procedencia dos produtos, con trazabilidade garantida.

## **100% conservación**

Porque consumindo os produtos da raza axudamos a que non se perda, como pasou hai unhas décadas, cando estivo ao bordo da extinción. Se mercamos raza, prodúcese máis!

## **100% sabor**

Porque, ao ser baixos en graxa e estar ben distribuída e infiltrada, os produtos da raza teñen un sabor intenso e moi especial... o sabor de antes!

## **100% diferentes**

Porque a xenética da raza e a súa crianza fai que os seus produtos teñan unhas calidades especiais e totalmente diferentes. Os seus produtos fanse lentamente, sen présas...

# **Por que somos 100%?**

## **100% natural**

Porque esta raza se cría en explotacións en réxime extensivo, a base de pastos, leite materno e, ás veces, con suplementación de herba seca e cereais.

## **100% próximos**

Porque a raza Caldelá se cría preto das zonas nas que podemos atopar os seus produtos.



## **100% apoio**

Porque mercando produtos amparados por este logotipo axudamos os nosos gandeiros e máis o comercio e a hostalería locais.

## **100% respecto**

Porque consumindo produtos 100% Raza Autóctona Caldelá respectamos e coidamos o noso medio rural. Para a súa alimentación, estes animais aproveitan os recursos naturais das comarcas nas que se asentan, aos que están perfectamente adaptados.

## **100% información**

Porque este distintivo nos permite ofrecer información sobre onde se poden mercar e consumir os produtos da raza.

## **100% orgullo**

Porque escollendo os produtos 100% Raza Autóctona Caldelá tanto os gandeiros coma Caldega, as Administracións, os comerciantes, os hostaleiros e os consumidores, todos, nos sentimos orgullosos de apostar pola calidade!